



MUSEO MASSÓ.

Roberto Aneiros García

Podemos comezar esta presentación afirmando que, sen lugar a dúbidas, o Museo Massó é un dos grandes descoñecidos do panorama museístico galego. As razóns desta situación debemos buscalas primeiramente no seu recente carácter público, no emprazamento periférico da vila de Bueu (na que ten a súa sede), e por último na escasa labor de difusión realizada ata a actualidade.

O Massó ten como eixe da súa colección o mundo do mar, procurando ofrecer a través dela, unha imaxe global do ámbito mariño na nosa terra. Os seus fondos supoñen un percorrido etnográfico, antropolóxico e cultural pola historia do mar e da pesca de Galicia, da que forman un conxunto indivisible o medio mariño, os homes, as artes de pesca, e as industrias creadas arredor dos produtos do mar. A colección do museo mostra a evolución da factoría conserveira Massó ao longo dun século (desde finais do XIX a finais do XX) e, por extensión, da pesca e das conservas de peixe en Galicia.

A temperá vinculación histórica de Bueu cos recursos mariños e o seu aproveitamento ata os nosos días, xustifican a existencia dun museo nesta vila, como institución responsable da recuperación e reinterpretación desa memoria histórica no marco de Galicia como ámbito territorial e, a converta nun lugar de reencontro coa propia identidade.

A singularidade deste centro vén marcada, por un lado, por ser probablemente o único museo español que ten como punto de partida a historia dunha das factorías conserveiras máis destacadas da España do século pasado, e por outro, por contar cun valioso fondo de libros antigos de temática variada, con exemplares de referencia que non son facilmente atopables noutras bibliotecas do mundo.

Estas características outórganlle unha especificidade absoluta con respecto a calquera outro museo tanto de ámbito galego coma nacional e con escasos paralelismos a nivel mundial.

HISTORIA E CARÁCTER DA INSTITUCIÓN

Desde o punto de vista xurídico administrativo, estamos hoxe ante un museo de titularidade e xestión autonómica (Xunta de Galicia). O actual museo foi creado mediante Decreto 238/2002 de 4 de xullo da Xunta de Galicia, quedando adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (Consellería de Cultura e Deporte, na actualidade), con dependencia orgánica da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Sen embargo, a orixe e formación das coleccións deben retrotraerse a principios do século XX, cando comeza o labor coleccionista da familia Massó, grazas, principalmente, a dous dos seus membros, José María e Gaspar Massó. Esta liñaxe catalana instálase en Bueu a principios do século XIX, para establecer nesta localidade empresas vencelladas á pesca, salgadoiros primeiro e, posteriormente, unha factoría conserveira coas industrias auxiliares que lle daban servizo. No ano 1928, Guillermo Marconi (premio Nobel de Física en 1909) visita a factoría de Bueu e, admirado polos obxectos que alí contempla, suxire e estimula a creación dun museo, que finalmente nace o 26 de novembro de 1932, sendo o mesmo Marconi o primeiro asinante no libro de honra.

Este museo privado prolongaría a súa existencia ata finais do século pasado, momento en que a firma Massó Hermanos entra nunha espiral de problemas laborais e económicos que a conducirían irremisiblemente ao cese da súa actividade. A primeira grande traba que afrontaron foi o peche da factoría baleeira de Cangas, por mor da moratoria internacional de 1985, que supuxo

MUSEO MASSÓ.

a prohibición da pesca de cetáceos en España; o derrubamento final, prodúcese na década dos noventa cando, por diferentes razóns, vense obrigados a pechar as súas factorías conserveiras, a de Bueu no ano 1992 e a de Cangas en 1996.

A raíz deste contexto de crise económica, que conleva o fin da conserveira Massó, o antigo museo ubicado en Bueu queda nunha situación de incerteza e provisionalidade, sen un futuro concreto. Esta realidade, vai ser solventada definitivamente pola Xunta de Galicia cando en 1992 compra a colección e unha parte do edificio da antiga factoría Massó de Bueu (xusto a carón do antigo museo).

Tras unha pequena e urxente rehabilitación para usos museísticos do edificio, o 10 de xullo de 2002 inaugúrase e abre oficialmente o novo museo converténdose nunha institución pública.



Fachada.

A SEDE DO MUSEO

A sede actual do museo atópase situada no paseo marítimo de Bueu, concretamente na rúa Montero Ríos, ocupando unha pequena parte do que foi a antiga factoría Massó. A sala da planta inferior ubícase no que era o comedor daquel establecemento, e a sala da planta superior era xa unha das salas de exposición do museo privado dos Massó.

Arredor deste edificio central esténdense unha serie de inmobles cuxo uso está cedido ao museo polo concello de Bueu, todos eles formaron parte tamén da conserveira: o atador das redes dos barcos, o economato, a enfermería da factoría e o antigo museo. Como elementos singulares do edificio, no construtivo e no espacial, destacaríamos a fachada de pedra do museo, da primeira metade do século XX (1926-38). Esta fachada está rematada na parte superior cunha placa pétrea na que figura en relevo a palabra MASSÓ, en letras capitais e con caracteres tipográficos propios do "Art Déco". Esta tipografía, converteuse no actual logo do museo. Outros elementos distintivos da portada son dous relevos, en cadansúa placa de granito, ubicados á dereita da entrada do museo, nos que están representadas dúas embarcacións históricas.

AS COLECCIÓNS

O afán dos Massó por coleccionar todo tipo de obxectos relacionados co mar, a súa curiosidade, e o seu gusto polos libros, fixeron que nas primeiras décadas do século XX contasen cunha colección de pezas heteroxéneas, con cantidade e calidade significativas como para inaugurar un museo privado. Obviamente estas coleccións foron feitas sen pretensión de transmitir unha mensaxe ou unha idea específica.

En referencia á orixe concreta de cada un dos fondos desa antiga colección, temos que dicir que non dispoñemos de documentación algunha que recolla a súa procedencia, se ben en xeral podemos afirmar que os obxectos proceden en boa parte do material da antiga conserveira, moitos outros foron comprados e adquiridos en poxas (caso da colección bibliográfica), e outra parte importante foron entregados como achados casuais (nas redes dos barcos, nas praias, etc.).

Buscando mostrar o perfil dos fondos que conforman a colección e tomando como referencia o marco temático, a etnografía e antropoloxía son as materias determinantes, ás que pertencen fondos como a carpintaría de ribeira, as embarcacións tradicionais, as artes de pesca, etc.

O criterio cronolóxico resulta difuso e menos relevante debido a que descoñecemos as datas de gran parte das pezas e, por tanto, non se poden establecer series cronolóxicas fiables. O marco cronolóxico vai desde finais do XIX (correspondente as antigas máquinas Durox da industria conserveira e a algunhas das latas e pranchas litografadas) ata a actualidade. Sen embargo, se incluímos o fondo bibliográfico antigo, a data de inicio debe atrasarse ata 1450, data a que corresponde a impresión dos incunables custodiados no museo.

Centrando a atención no ámbito xeográfico de procedencia das coleccións, constatamos que o espectro é amplo e aberto, debido a que os fondos bibliográficos proveñen de diferentes imprentas de Europa. Nembargantes, no aspecto cuantitativo, a maioría dos fondos teñen a Galicia como lugar de orixe e procedencia.

Para expoñer estes fondos ao público, o museo conta con dúas salas de exposición permanente nas que son amosadas algunhas das pezas máis destacadas das coleccións.

Así, na planta baixa sitúase unha sala adicada ao mundo da pesca en xeral, e nela teñen cabida as pezas de carpintaría de ribeira, as embarcacións tradicionais, a salgadura de peixe, as máquinas e latas da industria conserveira, as artes de pesca e a caza da balea.



Sala 1.

A sala da planta superior, conta cunha ampla exposición bibliográfica na que destacan os incunables, e na que tamén se poden apreciar libros de astronomía, navegación, arquitectura naval, cartografía, etc. Así mesmo, están expostos nesta sala instrumentos náuticos, modelos de barcos e unha sección de gravados.



Sala 2.

Ademais destas dúas salas, o museo conta cunha sala de exposicións temporais aberta ao público durante boa parte do ano.

O MUSEO E O PÚBLICO

O ámbito do museo Massó é local, sen embargo as cifras totais de visitantes (cerca de dezaseis mil persoas no 2006) e a procedencia destes, falan en contra deste reducido espectro e lévannos a minimizar certas etiquetas.

Os períodos de máis afluencia de público correspóndense coa estación estival, sendo xullo e agosto os meses con cifras máis altas. Esta situación reflicte o alto número de turistas que nesta época do ano se achegan ás Rías Baixas e á península do Morrazo.

As cifras máis baixas rexístranse nos meses de inverno, así, decembro, xaneiro e febreiro son os de menor concorrencia de visitantes.

En canto á procedencia deste público, aínda que non hai estudos específicos, a experiencia cotiá permítenos establecer conclusións xerais. Podemos afirmar que a maioría dos visitantes non proceden de Bueu, non só no período estival senón que isto sucede durante todo o ano e, de xeito xeral, máis da metade dos nosos visitantes proceden de fora de Galicia (achéganse do resto da Península Ibérica), unha alta porcentaxe chegan da provincia de Pontevedra, e o resto proceden das outras provincias galegas.

AS ACTIVIDADES

As actividades que o museo programa ao longo do ano son variadas e en realidade non difiren das habituais neste tipo de institucións. Téntase sempre que esta oferta complementaria teña conexión temática cos contidos do museo e o seu entorno, así, nos dous últimos anos programáronse as seguintes actividades: 5 exposicións temporais, 6 conferencias, e 4 presentacións de libros.

Así mesmo, realizáronse outros actos, para conmemorar celebracións concretas: contacontos, títeres, e proxeccións de documentais.

Na maior parte dos casos, as exposicións temporais realizadas foron mostras de produción propia e baseadas nos fondos do museo. Entre as mostras mais importantes debemos destacar as de *Lugris, señor dos pazos do mar* (2004), *A factoría baleeira Massó* (2005) e *"O deseño gráfico na colección do Museo Massó"* (2007).

Para finalizar este breve percorrido polo museo e o seu funcionamento, non debemos deixar de mencionar que este centro está á expectativa dunha serie de transformacións que o converterán nun auténtico referente en canto ao mundo mariño en Galicia, e que o levarán a funcionar a pleno rendemento, como o resto dos museos da nosa comunidade.

O aspecto fundamental destes cambios será a reforma arquitectónica integral da sede actual e a ampliación espacial sobre unha serie de inmobles que a rodean. Esta renovación da arquitectura será o motor da evolución do museo, permitirá a apertura de novas salas, contar con espazos axeitados para actividades e o incremento de persoal. A interacción de todos estes factores facilitará o cumprimento das funcións encomendadas, a transmisión da súa mensaxe e en definitiva, garantirá a súa proxección social.